

BOLETÍN DE PREMIOS E DISTINCIONES 2025.

A COMUNIDADE UNIVERSITARIA.

Numerosos organismos, institucións e entidades empresariais premian os esforzos da nosa comunidade universitaria.

PREMIOS E DISTINCIONES.

A comunidade universitaria está composta por alumnado, persoal docente e investigador e persoal auxiliar e de servizos. Todas as persoas pertencentes a estes colectivos conforman o gran capital desta institución. O seu esforzo de superación, o seu traballo e os seus intereses profesionais e académicos son recoñecidos por múltiples organismos e institucións, tanto en España como a nivel internacional.

A Universidade de Vigo quere, con este boletín, recompilar toda a información sobre os premios e distincións acadados pola nosa comunidade universitaria ao longo do 2025.

Nas seguintes páxinas poderán atopar información, extraída de diversas novas do Diario da Universidade de Vigo ([DUVI](#)) e outros xornais sobre os mesmos.

“Parabéns a toda a comunidade universitaria polos premios acadados durante o 2025.”





OS PREMIOS EGERIA DISTINGUEN TRABALLOS QUE APOSTAN POR UNHA VISIÓN CRÍTICA E DE XÉNERO DA HISTORIA E DA SOCIEDADE

Abordan temas como o patrimonio arqueolóxico, a violencia obstétrica ou o oficio das lavandeiras. ([Duvi](#))+[info](#).



ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN FAI VALER O TALENTO DAS SÚAS NOVAS ALUMNAS E ALUMNOS

O acto coincidiu coa recepción aos 265 estudantes que participarán nos III Teleco Games en abril ([Duvi](#))+[info](#)



ACADEMIA GALEGA DE CIENCIAS E A UNIVERSIDAD INTERCONTINENTAL DE LA EMPRESA PARA INVESTIGADORES E INVESTIGADORAS NOVAS

Polo seu labor na avaliación de estruturas de enxeñaría civil para prever colapsos en Pontes ([Duvi](#))+[info](#)



OS PREMIOS SOFÍA NOVOA RECOÑECEN O COMPROMISO COA IGUALDADE DE CATRO TITULADAS DO CAMPUS

Distinguen a incorporación da perspectiva de xénero en TFG e TFGM ([Duvi](#))+[info](#)



RAGC E FUNDACIÓN BARRIÉ DISTINGUEN DOUS TRABALLOS FEITOS NA UVIGO COMO AS MELLORES INVESTIGACIÓNS DE GALICIA

Na categoría técnica tamén se outorgou un accésit a un estudo de Cintecx ([Duvi](#))+[info](#)



A REAL ACADEMIA DE INGENIERÍA CONCÉDELLE Á PROFESORA BELÉN RIVEIRO O GALARDÓN AOS MELLORES INVESTIGADORES NOVOS

Polas súas contribución no campo da monitorización da saúde de estruturas de enxeñaría civil ([Duvi](#))+[info](#)



PREMIOS MARIE THARP PARA TRES VÍDEOS SOBRE ADAPTACIÓN DE ESPECIES INVASORAS, FACTORES DE CRECEMENTO DOS PEIXES E HISTORIA AMBIENTAL DA RÍA DE VIGO

Jessica Calo, Alejandra García e Nerea Cazás recibiron hoxe os seus galardóns ([Duvi](#))+[info](#)



O CAMPUS AUGA PREMIA O TALENTO INVESTIGADOR EN RECURSOS HÍDRICOS, ALIMENTARIOS E AGROAMBIENTAIS

Foron distinguidos once traballos realizados por persoal docente e investigador e alumnado da UVigo ([Duvi](#))+[info](#)



PREMIAN UNHA INVESTIGACIÓN DA UVIGO SOBRE A ELIMINACIÓN DE REFUGALLO ESPACIAL

Nun acto presidido polo rei Filipe VI e o ministro de Transporte y Movilidad Sostenible ([Duvi](#))+[info](#)



OS PREMIOS NACIONAIS DE TEATRO UNIVERSITARIO DISTINGUEN O TRABALLO DA AULA DO CAMPUS DE OURENSE

A súa obra 'Desequilibrios' acadou os galardóns a mellor elenco e mellor espazo escénico. ([Duvi](#))+[info](#)




A UNIVERSIDADE DO PAÍS VASCO “NAMOROU” O XURADO DO III TORNEO NACIONAL RETÓRICA UVIGO

O equipo da UPV proclamouse campión da competición, na que Xaén foi subcampión ([Duvi](#))+[info](#)




NOVE TRIPULACIÓNS MEDIRON AS SÚAS FORZAS NO CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE VELA

A UVigo, organizadora da proba, estivo representada por tres embarcacións ([Duvi](#))+[info](#)



O CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO DE NATACIÓN CONTOU COA PARTICIPACIÓN DE ARREDOR DE 70 DEPORTISTAS

A gañadora foi a Universidade de Santiago de Compostela, seguida pola de Vigo e A Coruña ([Duvi](#))+[info](#)



A UVIGO ESTRÉASE NOS CAMPIONATOS DE ESPAÑA UNIVERSITARIOS CUN OURO E UN BRONCE EN HALTEROFILIA

A institución viguesa rematou cuarta na clasificación por universidades ([Duvi](#))+[info](#)



PREMIO AECOC A UN TRABALLO FIN DE GRAO DA UVIGO SOBRE SISTEMAS DE ENVASE NO COMERCIO ELECTRÓNICO NO SECTOR TÉXTIL-MODA

O estudante e investigador Jacobo Ecurís é o autor do TFG galardoado ([Duvi](#))+[info](#)



A PROFESORA FRANCISCA FERNÁNDEZ PROL, DISTINGUIDA CO VII PREMIO DE INVESTIGACIÓN EN IGUALDADE E XÉNERO LOLA MARTÍNEZ

O galardón concédeselle por un estudo sobre a representación das mulleres no ámbito sindical ([Duvi](#))+[info](#)



XULIA VICENTE, ESTUDANTE DE PUBLICIDADE E RRPP, FINALISTA DOS PREMIOS NACIONAIS DE CREATIVIDADE

O seu traballo formará parte do 'Anuario de la Creatividad Española' ([Duvi](#))+[info](#)




PREMIO VALEDORA DO POBO AO TRABALLO SOBRE AS LAVANDEIRAS DUNHA EGRESADA DE BELAS ARTES

O seu proxecto deu lugar á imaxe gráfica empregada pola UVigo na campaña institucional do 8M ([Duvi](#))+[info](#)



PREMIAN O TRABALLO A PROL DO OLIMPISMO DA PROFESORA MARÍA JOSÉ MARTÍNEZ PATIÑO

Destacan o seu labor no ámbito da investigación do movemento olímpico e a igualdade no deporte ([Duvi](#))+[info](#)



OS PREMIOS SEMENTE DISTINGUEN O TRABALLO DO CAMPUS AUGA E DA INVESTIGADORA LAURA MENO

Os galardóns queren pór en valor as mellores iniciativas do sector agroalimentario galego

([Duvi](#))+[info](#)



ENXEÑARÍA INFORMÁTICA ENTREGA OS PREMIOS DO SEU HACKATHON DE INTELIXENCIA ARTIFICIAL

Na competición probaron as súas habilidades no uso de cámaras de acción e procesado de vídeo ([Duvi](#))+[info](#)




A UVIGO ACADA DÚAS MEDALLAS DE BRONCE NO CAMPIONATO DE ESPAÑA UNIVERSITARIO DE LOITA

Obtidas polos estudantes do campus de Pontevedra Saúl Bello Álvarez Bronze e Aimara Osco Abreu ([Duvi](#))+[info](#)



A UVIGO ACADA POR TERCEIRA VEZ NA SÚA HISTORIA O BRONCE POR EQUIPOS E COLLEITA CINCO METAIS NO CEU DE TAEKWONDO

Desirée Rivadulla e Lois Tomás gañaron o ouro. ([Duvi](#))+[info](#)



PREMIAN UNHA EXPOSICIÓN SOBRE O PRIMEIRO ATENTADO INDISCRIMINADO DE ETA

Investigadores da UVigo participaron no comisariado desta mostra itinerante ([Duvi](#))+[info](#)



O INVESTIGADOR JORDI BORRÀS, DA UNIVERSITAT POLITÈCNICA DE CATALUNYA, GAÑA O PREMIO ATLANTTIC Á MELLOR TESE DE DOUTORAMENTO

Aborda un dos retos centrais nas comunicacións sen fíos, a mitigación das interferencias ([Duvi](#))+[info](#)



A FACULDADE DE CIENCIAS PREMIA OS MELLORES TRABALLOS FIN DE GRAO DO SEU ALUMNADO

Abordan temas de tecnoloxía dos alimentos, enxeñaría agraria e ciencias ambientais ([Duvi](#))+[info](#)




A UVIGO HOMENAXEA NUN ACTO MULTITUDINARIO O ESFORZO E TALENTO DO ALUMNADO COS MELLORES EXPEDIENTES DE ACCESO Á UNIVERSIDADE

Unhas 2000 persoas déronse cita este venres no pavillón de As Travesas ([Duvi](#))+[info](#)



DOUS INTEGRANTES DO EXP-UVIGO LOGRAN O BRONCE NA OLIMPIADA DE XADREZ PARA PERSOAS CEGAS

Trátase da primeira medalla acadada por España nesta competición ([Duvi](#))+[info](#)



A UNIÓN PROFESIONAL DE GALICIA RECOÑECE A TRAXECTORIA DE EVA MARÍA LANTARÓN NO EIDO DA FISIOTERAPIA

A entidade agrupa 44 colexios profesionais da comunidade ([Duvi](#))+[info](#)



'THE MIND GUARDIAN' RECIBE O PREMIO AMTEGA AO MELLOR PROXECTO TIC CON BENEFICIOS SOCIAIS NA NOITE GALEGA DAS TELECOMUNICACIÓNS 2025

A aplicación de atlanTTic e Samsung logra detectar precozmente o deterioro cognitivo grazas á IA ([Duvi](#))+[info](#)



O PREMIO CONBICI DISTINGUE A IRIA VÁZQUEZ E SARA ORTIZ POLO SEU ESFORZO PARA RACHAR BARREIRAS DE XÉNERO NO USO DA BICICLETA

No traballo evidénciase o impacto que ten o feito de ser muller na utilización deste vehículo ([Duvi](#))+[info](#)



DOUS TRABALLOS FIN DE MÁSTER DA UVIGO, GALARDOADOS POLA CÁTEDRA VEGALSA-EROSKI UDC DE COMPROMISO SOCIAL, COMUNICACIÓN E REPUTACIÓN CORPORATIVA

Unha vintena de TFM das tres universidades públicas galegas concorreron aos premios ([Duvi](#))+[info](#)



A UVIGO PON EN VALOR A TRAXECTORIA DE ÉXITO DAS SÚAS EGRESADAS E EGRESADOS NA ENTREGA DOS IV PREMIOS ALUMNI

Marián Mouriño, José Luis Alonso Mosquera e Alberto Estévez tamén recibiron recoñecementos ([Duvi](#))+[info](#)



A INVESTIGADORA DA UVIGO LUCÍA CASSANI ACADA O PREMIO YOUNG INVESTIGATOR AWARD

O seu traballo céntrase na extracción verde de compostos bioactivos de subprodutos agroalimentarios ([Duvi](#))+[info](#)



VLADIMIR PETKOV E MARCOS LIANES GAÑAN O XI TORNEO DE XADREZ CAMPUS DE OURENSE

Na modalidade de rápidas competiron 79 xogadoras e xogadores e na de lóstrego 74 ([Duvi](#))+[info](#)



OS PREMIOS CREA RECOÑECEN DOUS PROXECTOS QUE AFONDAN NA MEMORIA HISTÓRICA E NOS LÍMITES DA PINTURA

Os galardóns entregáranse no mes de novembro ([Duvi](#))+[info](#)



AS MEDALLAS DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA ACREDITAN OS CATEDRÁTICOS DA UVIGO LAURA CARBALLO E JUAN POU COMO REFERENTES NOS SEUS CAMPOS

Estes recoñecementos poñen en valor as súas traxectorias consolidadas

([Duvi](#))+[info](#)



O CSD RECOÑECE A EXCELENCIA DEPORTIVA E ACADÉMICA DE TANIA ÁLVAREZ

A investigadora e piragüista lograba neste 2025 o seu segundo ouro nun Campionato do Mundo ([Duvi](#))+[info](#)



A EDITORIAL GALAXIA RECIBE A MEDALLA DE OURO DA UNIVERSIDADE DE VIGO EN RECOÑECIMENTO AO SEU COMPROMISO INQUEBRANTABLE COA LINGUA E A CULTURA GALEGA

Reigosa e Vidal apremiaron a “seguir traballando” polo futuro do idioma en intres complicados ([Duvi](#))+[info](#)



PREMIAN UN TFG QUE AFONDA NA NECESIDADE DE INFORMACIÓN ACTUALIZADA PARA FACER FRONTE OS INCENDIOS

Nos V Premios Cámara de Comercio-Ence á Innovación Forestal ([Duvi](#))+[info](#)



REXINA VEGA RECIBE O XXII PREMIO DE XORNALISMO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Por un artigo no que busca “desposuír de relato” a palabra cancro
([Duvi](#))+[info](#)



O LASER INSTITUTE OF AMERICA PREMIA UNHA ESTUDANTE DE DOUTORAMENTO DA EE INDUSTRIAL POR UNHA COMUNICACIÓN SOBRE PRODUCCIÓN DE NANOPARTÍCULAS BIMETÁLICAS

Por un artigo no que busca “desposuír de relato” a palabra cancro
([Duvi](#))+[info](#)



DOUS OUROS PARA A UVIGO EN BALONMÁN FEMININO E VOLEIBOL PRAIA MIXTO NOS XOGOS GALAICO DURIENSES

Na clasificación xeral, a institución olívica rematou no cuarto posto
([Duvi](#))+[info](#)



O CAMPUS AUGA PREMIA O TALENTO INVESTIGADOR EN ALIMENTACIÓN FUNCIONAL, AGRICULTURA E MEDIO AMBIENTE E XESTIÓN DA AUGA TERMAL

Trátase de teses de doutoramento, traballos fin de estudos, artigos e accións divulgativas
([Duvi](#))+[info](#)



ENRIC GISBERT DESTACA A IMPORTANCIA DA INVESTIGACIÓN INTERDISCIPLINAR E DA COOPERACIÓN INTERNACIONAL AO RECOLLER O PREMIO CIM 2025

O galardón reconece a traxectoria en acuicultura do investigador do IRTA

([Duvi](#))+[info](#)



A UVIGO INVISTE DOUTORA HONORIS CAUSA Á ASTROFÍSICA BEGOÑA VILA EN RECOÑECIMENTO Á SÚA CONTRIBUCIÓN Á EXPLORACIÓN DO UNIVERSO

A homenaxeada é enxeñeira principal de Sistemas no Centro Espacial Goddard da NASA

([Duvi](#))+[info](#)



UN PROXECTO DO CINBIO SOBRE O CANCRO DE MAMA TRIPLO NEGATIVO GAÑA O PREMIO ZENDAL NA CATEGORÍA DE SAÚDE HUMANA

Os International Zendal Awards, que acadan a súa quinta edición, entregaranse o 11 de novembro

([Duvi](#))+[info](#)



‘VIGILIA’ ACADA O PREMIO Á MELLOR CURTAMETRAXE DO PASADO CURSO

Dirixida por Teo González-Fierro

([Duvi](#))+[info](#)



PREMIAN UNHA “COMEDIA WESTERN” QUE CUESTIONA A MASCULINIDADE NUN CERTAME INTERNACIONAL

O seu traballo suma xa 22 seleccións en festivais

([Duvi](#))+[info](#)



PREMIO EUROPEO DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA PARA UNHA OBRA DE NICANOR ALONSO E MIGUEL MIRÁS SOBRE HISTORIA DA CRIPTOGRAFÍA

O xurado destacou “a súa gran capacidade divulgativa e a orixinalidade da súa formulación”. ([Duvi](#))+[info](#)



EUROPA PREMIA A INNOVACIÓN MARIÑA DO CIM CO ATLANTIC AWARD AO PROXECTO MARINNONET

O xurado recoñeceu o seu alto impacto en sustentabilidade e capacidade de réplica noutras rexións

([Duvi](#))+[info](#)



PREMIO MARÍA JOSEFA WONENBURGER 2025 PARA A CATEDRÁTICA ÁFRICA GONZÁLEZ

Considérao un galardón "a toda a familia da inmunoloxía"

([Duvi](#))+[info](#)



A SPINOFF DA UVIGO SERENIA SOLUTIONS ACADA UN PREMIO IPFEST NA CATEGORÍA STARTUP UNIVERSITARIA

Ofrece solucións tecnolóxicas innovadoras para o benestar das persoas

([Duvi](#))+[info](#)



DEBUT 2025 PREMIA AS REPRESENTACIÓNS DA IDENTIDADE FEMININA DE MERICUSAN

Antía Lameiro logrou o galardón á proposta con maior valor artesanal

([Duvi](#))+[info](#)



O INSTITUTO DE AGROECOLOXÍA E ALIMENTACIÓN PREMIA CATRO IMAXES SOBRE MULLERES, CIENCIA E DIVERSIDADE

A autoría das obras corresponde a Andrea Rodríguez, Brais Pino, Lara Acemel e Ezgi Nur Yüksek

([Duvi](#))+[info](#)



OS IX PREMIOS PROVINCIAIS DA XUVENTUDE RECOÑECEN O TALENTO QUE AGROMA NA UVIGO

Salvador Román e Andrea Davila foron os gañadores en investigación en ciencia e artes

([Duvi](#))+[info](#)



PATRICIA GONZÁLEZ, INVESTIGADORA DO GRUPO GEOTECH, GAÑA A PRIMEIRA EDICIÓN DA 'GARGALLADA CIENTÍFICA' DA UVIGO

O vindeiro xoves participará no café Vitruvia nunha gala final con Quico Cadaval e máis divulgadoras. ([Duvi](#))+[info](#)



OS PREMIOS TFG JOSÉ MANUEL PÉREZ CANAL DISTINGUEN TRABALLOS SOBRE A SOCIEDADE TEXTIL LONIA, O TURISMO DE MONTAÑA E A METODOLOXÍA S-LCA

A iniciativa é froito da colaboración co Colexio de Economistas de Ourense. ([Duvi](#))+[info](#)



PREMIOS, INNOVACIÓN E VOCACIÓN PROFESIONAL PARA CELEBRAR SANTA BÁRBARA 2025

Á entrega dos Enfoca.RME e dos mellores expedientes uniuse a presentación dun obradoiro virtual

([Duvi](#))+[info](#)



PREMIOS GIRL GEEK POWER PARA CATRO ALUMNAS EXCELENTES QUE “ABREN CAMIÑO” EN CIENCIAS E ENXEÑARÍA

Poñen en valor a excelencia académica de alumnas en ámbitos tradicionalmente masculinizados. ([Duvi](#))+[info](#)

UNIDADE DE ANÁLISES E PROGRAMAS

Edificio anexo a xerencia.

Planta baixa.

As Lagoas Marcosende s/n Vigo

Tel. 986 818640

Web: https://uvigo.gal/uvigo_gl/administracion/analises-programas/index.html

UniversidadeVigo